

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7.^a,
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,
GANDARÍA E MONTES**

Día: 22.06.2017 Hora: 10:30

A Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 22 de xuño de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en Comisión

- 1.1 6603 (10/POC-001144)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel
Sobre a situación en que se atopa a praga da couza guatemalteca da pataca despois das medidas adoptadas para o seu control e erradicación, os datos referidos ao seu impacto e a súa repercusión económica no sector
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88, do 23.03.2017
- 1.2 6709 (10/POC-001166)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis
Sobre a fase en que se atopa a posta en marcha da Mesa da Castaña, as previsións do Goberno galego respecto dos beneficios que poden derivar da súa entrada en funcionamento dende o punto de vista económico, así como o incremento da superficie dedicada á súa produción
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88, do 23.03.2017
- 1.3 8405 (10/POC-001483)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as actuacións previstas pola Consellería do Medio Rural para minimizar o impacto que vai ter a couza da pataca nas familias produtoras en réxime de autoconsumo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 113, do 11.05.2017
- 1.4 9659 (10/POC-001668)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre o documento que propón a modificación da Lei de montes veciñais en man común
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 124, do 07.06.2017

Punto 2. Proposicións non de lei en Comisión

- 2.1 8373 (10/PNC-000878)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e 2 máis
Sobre a demanda polo Goberno Galego ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente da inscrición do eucalipto no Catálogo de especies exóticas e invasoras do Estado español, así como as medidas que debe adoptar e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 109, do 03.05.2017
- 2.2 9286 (10/PNC-000968)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa publicación das ordes de convocatoria de axudas para agricultores e gandeiros e a tramitación das solicitudes
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 117, do 24.05.2017
- 2.3 9623 (10/PNC-001008)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel
Sobre o impulso polo Goberno galego do proceso de redacción e a participación dos representantes do sector no Plan forestal galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 124, do 07.06.2017
- 2.4 9764 (10/PNC-001020)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre a creación dunha ligazón específica na páxina web da Consellería do Medio Rural que dea acceso a toda a información referida aos contratos de servizos e medios contra os incendios forestais realizados nos anos 2016, 2017 e no futuro, así como as actuacións que debe levar a cabo en relación cos cambios de uso dos solos ocupados por fragas autóctonas, os monocultivos forestais, nomeadamente de eucaliptos, e a preservación e implementación das masas arbóreas autóctonas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 124, do 07.06.2017



Os grupos parlamentarios poderán presentar ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2017

Moisés Blanco Paradelo
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Moisés Blanco Paradelo na data 15/06/2017 10:09:23

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7.^a, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Moisés Blanco Paradelo	P
Vicepresidente	
Daniel Vega Pérez	P
Secretario	
José Manuel Pérez Seco	S

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Antonio Quiroga Díaz	S
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	EM

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes

Día: 22.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 22.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 6603(10/POC-001144)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a situación en que se atopa a praga da couza guatemalteca da pataca despois das medidas adoptadas para o seu control e erradicación, os datos referidos ao seu impacto e a súa repercusión económica no sector

Publicación da iniciativa, 88, 23.03.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Logo da longa espera para ver o Real decreto polo que se establece o Programa nacional de control e erradicación da *Tecia solanivora*, o 04/03/2017 puidemos desentrañar os diversos aspectos sociais, económicos e de sanidade vexetal encamiñados ao control e á erradicación da devandita praga.

E falamos de moito tempo desperdiciado xa que cos datos e as probas en poder da Consellería non se podía tardar tanto tempo en actuar, e polo tanto, os almacenistas non houbesen feito provisión de pataca para semente e ninguén houbese mercado pataca da semente, nin ninguén houbese plantado pataca, e agora o problema sería moito menor.

Hoxe a Administración vese na obriga de extremar as medidas para controlar e erradicar. Algo que nos queda claro a partir da publicación do Real decreto é que a Xunta ten toda a capacidade e responsabilidade no control, detección, vixilancia, demarcación, loita, castigo e medidas complementarias que implementen as da normativa estatal.

Unha vez que se puxo en marcha a normativa legal sobre a praga e, polo tanto, os mecanismos de control, vixilancia e loita contra a praga nas zonas infestadas os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) En que situación de control se atopa a praga da pataca despois das medidas adoptadas?

2ª) Cal foi a repercusión económica que tivo esta praga no sector da pataca?

3ª) Cantos produtores resultaron afectados pola normativa legal vixente e se viron na obriga de levantar a colleita sementada?

4ª) Cantos quilos de pataca foron recollidos e destruídos (de produtores)?



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2017 17:19
Nº Rexistro: 6603
Data envío: 14/03/2017 17:19:15.908



Grupo Parlamentario

5ª) Cantos almacéns de pataca resultaron afectados polas medidas de control da praga?

6ª) Cantos quilos de pataca foron recollidos e destruídos dos almacéns?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 9 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 14/03/2017 17:14:08

Jóse Manuel Pérez Seco na data 14/03/2017 17:14:19

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 22.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 6709(10/POC-001166)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre a fase en que se atopa a posta en marcha da Mesa da Castaña, as previsións do Goberno galego respecto dos beneficios que poden derivar da súa entrada en funcionamento dende o punto de vista económico, así como o incremento da superficie dedicada á súa produción

Publicación da iniciativa, 88, 23.03.2017

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, José González Vázquez, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, Encarna Amigo Díaz e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O fomento da produción de castañas en terreos forestais conforma unha das liñas de actuación fixadas como prioritarias polo Goberno galego para a presente lexislatura.

Esta aposta polo castaño e a castaña está sustentada e avalada polo recoñecemento do valor que, dende o punto de vista cultural, económico, social e ecolóxico, ten na nosa Comunidade Autónoma tanto esta árbore como o seu froito.

Deste xeito, en aras de acadar unha xestión sustentable dos nosos montes, poñendo especial incidencia nas masa de frondosas caducifolias en xeral e de xeito particular dos castaños, son varias as liñas de axuda e promoción que está a desenvolver o Goberno galego para poñer en valor e mesmo incrementar este cultivo.

Xunto a elo, o Goberno galego anunciou ao inicio desta lexislatura a súa intención de impulsar a creación da mesa da castaña como ferramenta idónea para coordinar e manter aberta a colaboración entre o propio sector e o poder executivo co fin precisamente de impulsar un desenvolvemento sustentable do aproveitamento do monte.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. En que fase se atopa a posta en marcha da Mesa da Castaña?
2. Cales son as previsións que manexa o Goberno sobre os beneficios que se poden derivar da posta en funcionamento da Mesa da Castaña, dende o punto de visto económico pero tamén como elemento dinamizador no incremento da superficie dedicada á produción de castaña?



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2017 13:50
Nº Rexistro: 6709
Data envío: 15/03/2017 13:50:28.281

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 15/03/2017 13:47:58

José González Vázquez na data 15/03/2017 13:48:08

Silvestre Balseiros Guinarte na data 15/03/2017 13:48:20

Moisés Blanco Paradelo na data 15/03/2017 13:48:26

Carlos Gómez Salgado na data 15/03/2017 13:48:34

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/03/2017 13:48:45

Daniel Vega Pérez na data 15/03/2017 13:48:51

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 22.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 8405(10/POC-001483)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Consellería do Medio Rural
para minimizar o impacto que vai ter a couza da pataca nas
familias produtoras en réxime de autoconsumo

Publicación da iniciativa, 113, 11.05.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2017 11:05
Nº Rexistro: 8405
Data envío: 28/04/2017 11:05:25.812

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**.

A día de hoxe, e a tenor do que se nos comunicou respostando a dúas preguntas orais feitas en Comisión polo PS de G e BNG, hai tomadas diversas medidas para tentar controlar e erradica-la praga da couza da pataca dos 31 concellos afectados.

Sabemos que o decreto elaborado polo goberno do estado contempla indemnizacións para aqueles produtores de pataca que se dediquen á produción, comercio ou venda deste tubérculo, pero non así para aqueloutros que son produtores do mesmo para autoconsumo e que se ven prexudicados polas medidas tomadas nas zonas afectadas.

Ten especial incidencia naquelas familias azoutadas pola crise e con ingresos escasos.

Somos conscientes das dificultades que orixina este aspecto dadas as características especiais da nosa sociedade rural. A principal dificultade está na avaliación das perdas e a valoración das mesmas.

Afirmamos que ós galegos e galegas do rural que complementan a escasa renda posible neste cada vez máis inactivo medio, asístelles o dereito a seren protexidos no seu modus vivendi por axudas pertinentes que veñan minimiza-lo impacto da couza.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2017 11:05
Nº Rexistro: 8405
Data envío: 28/04/2017 11:05:25.812

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión

7ª:

Que ten pensado facer a Consellería para minimiza-lo impacto que a couza vai ter nas familias que producen patacas en réxime de autoconsumo?

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/04/2017 11:02:09

Noa Presas Bergantiños na data 28/04/2017 11:02:13

Olalla Rodil Fernández na data 28/04/2017 11:02:18



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2017 11:05
Nº Rexistro: 8405
Data envío: 28/04/2017 11:05:25.812

María Montserrat Prado Cores na data 28/04/2017 11:02:22

Xosé Luis Bará Torres na data 28/04/2017 11:02:24

Ana Pontón Mondelo na data 28/04/2017 11:02:28

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes

Día: 22.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 9659(10/POC-001668)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre o documento que propón a modificación da Lei de montes
veciñais en man común

Publicación da iniciativa, 124, 07.06.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2017 16:50
Nº Rexistro: 9659
Data envío: 30/05/2017 16:50:45.218

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**.

Anda circulando un documento, non sabemos se oficial ou oficioso, co encabezamento da Consellería da Presidencia, no que propón a modificación da lei de montes veciñais en man común actualmente vixente. .

Entre os cambios que presenta hai un que, ademais de propor un roubo descarado dos montes veciñais e veciñanza comuneira, é unha aberración xurídica. Afirmar que os montes veciñais en man común que sexan declarados en estado de grave abandono, perdan a condición de monte veciñal e pasen ser declarados montes públicos.

Non temos coñecemento de se este é un documento oficial ou oficioso. Ben puidera ser un xeito de globo sonda (co beneplácito da Consellería do Medio Rural) , pulsando o sentir das comunidades de montes e da sociedade no seu conxunto, para ver se poden levar adiante o que teñen planificado dende hai moitos anos: o espolio e cambio de titularidade dos montes veciñais á veciñanza comuneira .

En que datos nos baseamos para facer tal afirmación? Nos seguintes:

-Esta proposta de modificación da lei de montes veciñais en man común actualmente vixente, non foi tratada en ningunha reunión do Consello Forestal de Galiza.

-Con data de 20 de marzo de 2017 e con data de 11 de Abril de 2017, a Organización Galega de comunidades de montes veciñais en man común (ORGACMM), alarmada por



BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2017 16:50
Nº Rexistro: 9659

Data envío: 30/05/2017 16:50:45.218

este documento, enviou senllos escritos á Consellería da Presidencia e á Consellería do Medio Rural, solicitándolle que nos comunicase se o documento ó que nos estamos a referir era oficial ou non. Ningunha das dúas consellerías contestou ata o momento.

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 7ª:

–Sabem a Consellería de Presidencia e a de Medio Rural da existencia deste documento?

–É un documento oficial ?

–Se non se trata dun documento oficial, non sería acaído que as dúas consellerías o manifestasen publicamente?

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2017 16:50
Nº Rexistro: 9659

Data envío: 30/05/2017 16:50:45.218

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/05/2017 16:49:37

Noa Presas Bergantiños na data 30/05/2017 16:49:43

Olalla Rodil Fernández na data 30/05/2017 16:49:47

María Montserrat Prado Cores na data 30/05/2017 16:49:59

Ana Pontón Mondelo na data 30/05/2017 16:50:00

Xosé Luis Bará Torres na data 30/05/2017 16:50:02

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes

Día: 22.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes

Día: 22.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 8373(10/PNC-000878)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre a demanda polo Goberno Galego ao Ministerio de
Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente da
inscrición do eucalipto no Catálogo de especies exóticas e
invasoras do Estado español, así como as medidas que debe
adoptar e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto

Publicación da iniciativa, 109, 03.05.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araújo e Antón Sánchez García**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Co Real Decreto 630/2013 de 2 de agosto entra en vigor o Catálogo Español de Especies Exóticas e Invasoras, co obxecto de reforzar a protección do medio ambiente e a biodiversidade. O problema causado por esas especies foi considerado prioritario dentro da Estratexia da Biodiversidade da Unión Europea para o ano 2020, aprobando o Regulamento 2016/1141 sobre especies exóticas e invasoras.

Dende os anos 60, Galiza, Asturias, norte e centro de Portugal e sur-oeste de Andalucía foron territorios repoboados coa especie exótica *eucalipto*, para abastecer as fábricas de pasta de papel con esta madeira. O que nun principio pareceu que se trataba de dispor dun número determinado de hectáreas desa especie, co paso do tempo foi incrementándose exponencialmente. Dende as 130.000 ha do ano 1973, segundo o primeiro inventario forestal do estado (IFN), en 2016 chega a ocupar na Galiza máis de 400.000 ha entre masas puras e mixtas (con outras especies), o que representa practicamente a quinta parte do monte galego. E dicir, os eucaliptais medraron en superficie un 300% en 43 anos.



Dito incremento asóciase a varias causas. Aparte das repoboacións voluntarias apoiadas e subvencionadas dende a administración como único cultivo forestal alternativo, destaca o avance descontrolado cara a terras abandonadas por espallamento da semente, agravado polos incendios forestais, cando se dan as mellores condicións de propagación pola velocidade do lume e o lanzamento de muxicas (poden chegar a máis dun km, cos conseguintes riscos para a poboación do entorno)

Nos últimos 40 anos, a superficie invadida pola semente de eucalipto só a consecuencia dos lumes forestais estímase en máis de 25.000 ha, aumentando o avance descontrolado desta especie. Ademais, os eucaliptais convértense en terreos con escasa biodiversidade, debido aos aceites esenciais das follas, que forman ao caer unha capa sobre o chan cunha baixa taxa de descomposición. Por outra banda, as raíces procuran humidade e auga chegando a percorrer máis de 50 m en eucaliptos de 25 m de altura, penetrando en depósitos e manaciais, e creando unha maraña superficial que impide a filtración das augas cara aos acuíferos.

Dende o punto de vista económico, cómpre engadir que moitos dos eucaliptais que pasaron dos tres aproveitamentos (tres cortas), pola perda de rendibilidade para o propietario quedan totalmente descoidados, con proliferación de abrochos de cepa, xerando espazos impenetrables de varas carentes de valor económico que fican nese estado ata que volven ser pasto do lume, incrementado a superficie de áreas degradadas. Na actualidade, aproximadamente 175.000 ha con eucaliptos están nesta situación.

O Plan Forestal de Galiza de 1992, aprobado por unanimidade no Parlamento Galego para un período de 40 anos, que contemplaba poñer freo ás repoboacións de eucalipto, resultou un auténtico fracaso. Partía das referencias do Inventario Forestal Nacional (IFN) do ano 1986, onde os eucaliptais ocupaban 220.000 ha (a proliferación xa era notoria dende o inventario anterior).



Analizando a secuencia evolutiva dos eucaliptais entre masas puras e mixtas na Galiza:

1973: I Inventario Forestal Nacional: 131.800 hectáreas.

1986: II Inventario Forestal Nacional: 220.000 hectáreas.

1998: III Inventario Forestal Nacional: 350.000 hectáreas.

2016: Máis de 400.000 ha.

Evidénciase que no período de control previsto no Plan Forestal de Galiza, só entre 1992 (ano da súa publicación) e 1998, a superficie de eucalipto aumenta en 60.000 hectáreas; é dicir, en seis anos excédense as previsións totais do plan de 40 anos.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.^a.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Solicitar do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño a inscrición do eucalipto no Catálogo de Especies Exóticas e Invasoras do Estado español.
- 2.- Coa inclusión no Catálogo de Especies Exóticas e Invasoras, e tendo en conta o impacto que podería ter tal resolución sobre algúns propietarios de montes, mentres non se elabore unha normativa para regular a superficie ocupada polo eucalipto adoptaranse as seguintes medidas de carácter urxente, mediante normativa vinculante para as comunidades autónomas:



- a) Reduccion progresiva da superficie ocupada por eucalipto, orientando as terras mediante planeamento, tendo en conta a vocacion da zona ou comarca, hacia especies autoctonas (madeira e froito), froiteiras, forraxes, gandeiria, ...etc
- b) Eliminación desta especie dos espazos sensibles (os incluídos na Lei de Espazos Naturais e Rede Natura).
- c) Eliminación do eucalipto nun prazo de cinco anos das terras agrarias ocupadas dende o I Inventario Forestal Español, como primeiro paso na recuperación destes terreos.
- d) Eliminación desta especie nun radio de 100 m dos mananciais e marxes de regatos e ríos nun prazo de cinco anos.
- e) Ruptura da continuidade das masas forestais de eucalipto en montes veciñais en man común cada cinco hectáreas, con distancias mínimas de separación entre masas de 100 metros sen esa especie, e en terreos privados particulares cunha separación de 25 metros cada 0,5 hectáreas ocupadas por eucaliptos.
- f) Separación de 200 metros de calquera ben inmobile, dos pastos e das zonas agrarias.

3.- Instar ás administracións a que se doten de orzamento destinado a conceder axudas para o cumprimento destas medidas.

4.- Trasladar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, á Consellaría de Medio Rural, ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, e ao Parlamento Europeo co obxecto de que esta especie se inclúa tamén dentro do Catálogo Europeo de Especies Exóticas e Invasoras.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2017 12:41
Nº Rexistro: 8373
Data envío: 27/04/2017 12:41:36.404

Santiago de Compostela, a 27 de abril de 2017.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea

Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 27/04/2017 12:40:31

Paula Quinteiro Araújo na data 27/04/2017 12:40:48

Antón Sánchez García na data 27/04/2017 12:40:56

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e
Montes

Día: 22.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 9286(10/PNC-000968)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en
relación coa publicación das ordes de convocatoria de axudas
para agricultores e gandeiros e a tramitación das solicitudes

Publicación da iniciativa, 117, 24.05.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo** e do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez**, a través do seu voceiro, Luís Villares Naveira, e ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.ª**.

No contexto actual, a actividade económica de moitos agricultores e gandeiros en Galicia depende, en boa medida, das axudas concedidas polas diferentes administracións. En moitos casos, a viabilidade económica das explotacións, a posta en marcha de novos proxectos ou a incorporación de xente moza ao rural están directamente vencelladas á percepción de ditas axudas. En calquera caso, a tramitación das axudas non debería ser un calvario burocrático que poña dificultades ás persoas solicitantes. Por iso, a Xunta debería facilitar a axilización deses trámites para que ninguén que cumpra os requisitos quede fóra.

Tal e como se vén denunciando dende fai tempo ese proceso de tramitación presenta múltiples problemas. Por exemplo, atopámonos con prazos insuficientes, que, por normativa da Unión Europea, só se poden ampliar ata un máximo de 15 días cando se producen erros. As persoas solicitantes deberían dispoñer de prazos máis amplos que deran marxe de manobra para corrixir as dificultades que xurdan no proceso, polo que as convocatorias deberían publicarse canto antes. Tamén debería contemplarse a posibilidade de telas abertas todo o ano, de tal xeito que os trámites non se convertan nun obstáculo para a percepción de subvencións.

Ademais, os sistemas e aplicacións informáticas presentan numerosas deficiencias que se van corrixindo durante o período de tramitación co cal vai



avanzando o prazo sen que se podan tramitar parte dos expedientes. A isto únense os cambios de criterio durante o proceso e as informacións escasas e contraditorias por parte da propia administración.

Sen dúbida, unha das maiores problemáticas reside nun sistema de tramitación inaccesible para boa parte das persoas usuarias. Agora mesmo boa parte dos tramites hai que facelos obrigatoriamente de xeito telemático, esquecendo a fenda dixital. Unha porcentaxe moi alta do sector agrogandeiro ten idades avanzadas e pode presentar dificultades á hora de manexarse correctamente coas aplicacións e sistemas informáticos imprescindibles en moitos trámites. A isto engádeselle as dificultades de conectividade a internet no rural, a onde, moitas veces, non chega a banda ancha ou incluso carecen de cobertura.

Aínda que se presenten correctamente as solicitudes, aos solicitantes estáselles durante meses requirindo documentación, xa que son frecuentes os erros nas tramitacións, na maioría dos casos producidos pola propia administración, con alegacións que están sen atender cando vén un novo período de tramitacións. Unha dinámica de meter en gastos moi importante á xente. O impedimento de que a maioría dos trámites non se poidan realizar nas oficinas comarcais xera unha dinámica gravosa para moitas solicitantes que teñen que recorrer a asesorías privadas, co gasto que isto implica a obriga de ter no inicio proxectos e licencias sen saber se lles van aprobar as axudas.

Parécenos imprescindible unha simplificación dos trámites, que elimine situacións de incerteza ante o inicio de proxectos, coa conseguinte petición de licenzas, sen saber con seguridade se lles van aprobar ou non as axudas aínda cumprindo cos requisitos.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/05/2017 16:37
Nº Rexistro: 9286
Data envío: 18/05/2017 16:37:16.592



O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Realizar a publicación das ordes para a concesión de axudas a agricultores e gandeiros no mes de febreiro a máis tardar.
2. Poñer os medios para solucionar a fenda dixital e que os trámites se poidan realizar por outras vías ademais das telemáticas.
3. Posibilitar que as oficinas agrarias comarcais cumpran funcións de asesoramento para apoiar a persoas con dificultades para realizar as tramitacións das axudas.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Asdo.: Luís Villares Naveira

Davide Rodríguez Estévez

Voceiro do G.P. de En Marea.

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 18/05/2017 16:34:03

David Rodríguez Estévez na data 18/05/2017 16:34:22

Luis Villares Naveira na data 18/05/2017 16:34:40

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e
Montes

Día: 22.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 9623(10/PNC-001008)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre o impulso polo Goberno galego do proceso de redacción e a participación dos representantes do sector no Plan forestal galego

Publicación da iniciativa, 124, 07.06.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

Das 2.100.000 ha de superficie forestal total, aproximadamente 1,5 millóns de ha. están ocupadas polos bosques e distintos cultivos silvícolas, sendo Galicia a comunidade que ten máis recursos silvícolas, de feito máis do 50 % da madeira con destino á transformación en España, procede da nosa comunidade.

O Plan forestal que rexe os destinos dos bosques e cultivos silvícolas data de 1992 e tiña previsto estar operativo ata 2032, pero todos os axentes socioeconómicos relacionados ou con interese no bosque, árbores e madeira están de acordo en que o devandito plan forestal non da resposta adecuada aos retos e problemas que se suscitan entorno á superficie forestada e as súas finalidades.

No ano 2012 aprobouse a Lei de montes que supuxo un avance en canto á definición de propiedade, obrigas dos propietarios, sancións . . . e un longo etc.

En 2015 aprobouse a proposta de directrices para a revisión do Plan forestal de Galicia que segundo a Consellería pretende sentar as bases para o novo Plan forestal galego que de resposta aos novos retos do sector en galego.

Ao longo destes anos foron saíndo decretos para regular diversos aspectos relacionados coa ordenación forestal e mesmo outros decretos e normativas que non pasaron do estadio de borrador.

Segundo se afirmou en sede parlamentaria o novo Plan forestal galego está neste momento en proceso de elaboración co compromiso por parte da Conselleira de telo “listo” no verán do presente ano.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2017 11:44
Nº Rexistro: 9623
Data envío: 30/05/2017 11:44:37.654



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A ninguén se lle escapa a importancia e a necesidade que ten a posta en marcha do Plan forestal galego e a relevancia da participación dos sectores e colectivos implicados e ou interesados na súa elaboración. Segundo as noticias que se transmiten sobre a elaboración do Plan é unha empresa pública a que esta redactando o documento clave para o futuro do país, contravindo as recomendacións das asociacións, entidades, profesionais e en xeral de todos aqueles que teñen interese no futuro forestal e saúde medioambiental do territorio.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que na redacción definitiva do Plan forestal galego se teñan en conta aos representantes do sector, propiciando a retroalimentación co redactor ou redactores do Plan forestal galego, para o que se propón o mantemento periódico de reunións conxuntas, nas que se avalíe a evolución da elaboración do futuro plan e se teñan en conta as achegas do sector ou sectores afectados.

Pazo do Parlamento, 18 de maio de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 30/05/2017 11:41:11

Jóse Manuel Pérez Seco na data 30/05/2017 11:41:22

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/05/2017 11:41:34

Reunión da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 22.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 9764(10/PNC-001020)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a creación dunha ligazón específica na páxina web da Consellería do Medio Rural que dea acceso a toda a información referida aos contratos de servizos e medios contra os incendios forestais realizados nos anos 2016, 2017 e no futuro, así como as actuacións que debe levar a cabo en relación cos cambios de uso dos solos ocupados por fragas autóctonas, os monocultivos forestais, nomeadamente de eucaliptos, e a preservación e implementación das masas arbóreas autóctonas

Publicación da iniciativa, 124, 07.06.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2017 16:30
Nº Rexistro: 9764
Data envío: 31/05/2017 16:30:30.385

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputadas **Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

Queremos mostra-la nosa preocupación porque cada día se están a autorizar máis hectáreas de deforestación de bosque autóctono galego, cos cambios de uso que a Consellería de Medio Rural autoriza e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio informa favorablemente, para transformar fragas, bidueirais, carballeiras, etc. en *pasteiros e praderías*.

Cada día hai máis monocultivos forestais principalmente de eucalipto que de xeito desorganizado, masivo e sen control coloniza Galicia, véndose sensiblemente agravado pola proliferación nestes últimos anos do eucalipto *nitens*.

A proliferación de lumes que de xeito descontrolado e con escasa ou nula prevención asolan este País xa en pleno inverno.

A isto temos que lle engadi-la escaseza de chuvias e a seca dos ríos e mananciais e o panorama pinta mal.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2017 16:30
Nº Rexistro: 9764

Data envío: 31/05/2017 16:30:30.385

Posto que pese ó aquí exposto nada muda e ano tras ano todo segue igual, queremos coñecer e dispor de información e datos concretos sobre os incendios en Galicia.

Porque a cidadanía quere saber a canto ascende o negocio do lume e que empresas son as beneficiarias do diñeiro público. Queremos saber en que se gasta e quen son as persoas ou empresas beneficiarias de cada céntimo de euro do carto público destinado á extinción dos lumes.

Queremos coñecer tamén a relación detallada de lugares e hectáreas queimadas e os medios aéreos, terrestres, humanos, subministrados etc..., empregados en cada un deles.

Queremos datos de cada hectárea que arde en Galicia e esta información ten que ser pública en réxime de disponibilidad permanente. Puidera ser nun enlace específico da web da Consellería que permita a cidadanía de Galicia coñecer en tempo real a superficie queimada, os medios que interveñen, os custos perfectamente definidos e desglosados e que empresa ou empresas realizan a extinción.

Porque só así se xera conciencia cidadá con respecto ós incendios e os seus custos e a información convértese nun instrumento de sensibilización da cidadanía fronte á problemática dos lumes en Galicia.

Precisamos coñecer tamén a relación que existe entre a deforestación progresiva do bosque autóctono galego autorizada pola propia Xunta (Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Consellería de Medio Rural) e os incendios.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2017 16:30
Nº Rexistro: 9764

Data envío: 31/05/2017 16:30:30.385

Por todo o anteriormente exposto, o grupo parlamentario do BNG recolle e fai súa por medio desta proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª a iniciativa de participación popular no control ó goberno presentada neste Parlamento de Galicia pola Asociación Autonómica Cultural e Ambiental PETÓN DO LOBO con nº de rexistro xeral de entrada 8489 o 2-5-2017, pola que:

“O Parlamento galego insta ao goberno da Xunta a:

-Que a Consellería de Medio Rural cree unha páxina web específica onde figuren tódolos contratos detallados, realizados no 2.016, no presente e máis en anos sucesivos, destinados ás contratacións dos servizos contraincendios e que contemple a relación de tódolos contratos formalizados relativos a medios aéreos, terrestres, subministrados, contratación de persoal, tipo de contratos, relación de empresas adjudicatarias e importes dos mesmos, relación de empresas que concorren ás licitacións, incluídas as campañas de publicidade, contías e custos, prezos detallados de cada subministro...

-Substituílos cambios de uso dos solos ocupados por fragas autóctonas por compensacións ambientais, de se-lo caso, para que os propietarios coiden, preserven e melloren as masas autóctonas galegas.

-Limita-los eucaliptais e os monocultivos forestais enerxéticos por razóns imperiosas de interese público baseadas na necesidade de frea-lo cambio climático, a seca en Galicia e o aquecemento global do planeta.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2017 16:30
Nº Rexistro: 9764
Data envío: 31/05/2017 16:30:30.385

-Que a Consellería de Medio Rural en colaboración coas de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e máis a de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria promovan campañas de concienciación orientadas á preservación e implementación das masas arbóreas autóctonas que sensibilicen a toda a cidadanía da necesidade do seu coidado, conservación e mellora.”

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 31/05/2017 16:27:19

Noa Presas Bergantiños na data 31/05/2017 16:27:25



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2017 16:30
Nº Rexistro: 9764

Data envío: 31/05/2017 16:30:30.385

Olalla Rodil Fernández na data 31/05/2017 16:27:29

María Montserrat Prado Cores na data 31/05/2017 16:27:35

Xosé Luis Bará Torres na data 31/05/2017 16:27:40

Ana Pontón Mondelo na data 31/05/2017 16:27:43